



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de AGOSTO de 2022 (1272)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día dezaioito de agosto de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(683).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(684).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN PROTOCOLARIA DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS QUE SE CELEBRAN EN ESPAZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 19077/101.

Visto o informe xurídico do 2/08/2022 e o informe de fiscalización do 09/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/07/2022, asinado pola xefa da Unidade

Administrativa de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base as consideracións que se contén no informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado o 7 de xuño de 2022 pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e máis pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en dispón que se inicie expediente administrativo a prestación do servizo de coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Lei 35/1994, de 23 de decembro, de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos alcaldes, no art. 51.1. do Código Civil establece que será competente para autorizar o matrimonio: O xuíz de paz ou alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue....”

A Alcaldía, ocúpase da organización das vodas e acollementos civís que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 7 de xuño de 2022.
- Memoria económica, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 14 de xuño de 2022.
- Memoria xustificativa do contrato asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 22 de xullo de 2022.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 15 de xuño de 2022 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 22 de xullo de 2022.



Concello de Vigo

II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é a prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais.

O servizo inclúe a realización de diferentes traballos como o de reunir a documentación e as sinaturas necesarias, organizar os elementos propios da cerimonia, asistir as persoas contrainentes e convidadas, organizar o espazo onte teña lugar o evento (colocación de tarima, bandeiras e megafonía), así como o manexo do equipo de son.

O número de eventos previstos para a anualidade que vai do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023 e as posibles prórrogas ascende a **160 eventos anuais**.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP).

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos segundo necesidades, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156) da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria. Trátase dun contrato segundo necesidades.

O obxecto do contrato identifícase co código CPV seguinte: CPV: 79952000-2 (Servizos de eventos); 79952100-3 (servizos de organización de eventos culturais).

II.3.- Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de **16.863,32 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **2.926,69 €**

Prezo con iva: **16.863,32 €**

Prezo sen iva: **13.936,63 €**

Importe 21% iva: **2.926,69 €**

Prezo unitario por evento: **105,39 € iva incluído.**

Neste prezo están incluídos todos os gastos axeitados para o efectivo cumprimento do contrato, segundo o prezo xeral do mercado.

II.4.-Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a 55.746,52 € (anualidade máis tres anos de prorroga sen iva).

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

II.5.- Anualidades

Primeira e única anualidade: do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023.

Ano 2022: 4.215,83

Ano 2023: 12.647,49

1º Prorroga: do 1 de outubro de 2023 ao 30 de setembro de 2024.

Ano 2023: 4.215,83

Ano 2024: 12.647,49

2º Prorroga: do 1 de outubro de 2024 ao 30 de setembro de 2025.

Ano 2024: 4.215,83

Ano 2025: 12.647,49

3º Prorroga: do 1 de outubro de 2025 ao 30 de setembro de 2026.

Ano 2025: 4.215,83

Ano 2026: 12.647,49

II.6.- Revisión de prezos

Tendo en conta as características dos servizos obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.



Concello de Vigo

II.7.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a súa bolsa de vinculación, sen que isto afecte ao normal funcionamento do servizo.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Existen na actualidade un contrato aberto simplificado de servizos co nº 18030-101 “Contratación da organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo” que finaliza ao final do mes de setembro.

II.8.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.9.- Subcontratación

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de contratos do Sector Público.

Non se fixan tarefas críticas.

II.10.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

II.11.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.12.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

II.13.- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.14.- Condicións especiais de execución:

De tipo social: Establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.

II.15.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - o Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - o Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.
- **Para as empresas de nova creación** (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao anode maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - o Ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - o Ao 50% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.



Concello de Vigo

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato,

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato de prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 15 de xuño de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 22 de xullo de 2022.

Cuarto.- Aprobar el gasto por importe de **16.863,32 €** ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de **2.926,69 €**.

A cantidade de 4.215,83 € (ive engadido) imputarase ao vixente presuposto de 2022, e o importe de 12.647,49 € (ive engadido) ao orzamento de 2023.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a bolsa de vinculación do orzamento da Alcaldía

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(685).- DAR CONTA DA FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE SOLITIUM, S.L. A SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. DO CONTRATO DE SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DOS DISPOSITIVOS E CONSUMIBLES DE IMPRESIÓN ASÍ COMO O SOFTWARE ASOCIADO DE XESTIÓN DO PARQUE. EXPTE. 9479/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/08/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (PD data 29/07/2022) e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de xuño de 2021, adxudicou a SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348) o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) dos



Concello de Vigo

dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque (9.479-113)

O contrato formalizouse o 6 de xullo de 2021.

Segundo.- Con data de entrada 11 de xullo de 2022 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 220173236) a empresa SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. comunica que con data 27 de maio de 2022 formalizouse a fusión entre SOLITIUM, S.L. con CIF B50570571 (empresa absorbente) e a entidade SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348) (empresa absorbida). Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Madrid, don Emilio Sánchez-Carpintero Abab o 27 de maio de 2022 co número 940 do seu protocolo.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que “Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo.”

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

“Tomar razón da fusión por absorción de SOLITIUM, S.L. con CIF B-50.570.571 (sociedade absorbente) e a entidade SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B-15.361.348) (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato de subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque expediente 9.479-113 adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de xuño de 2021.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(686).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL PARA ESCOLARES "VISITA O TEU CONCELLO". EXPTE. 25760/332.

Visto o informe de fiscalización do 12/08/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 09/08/2022 , que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/04/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 05/05/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello".

3º.- Aprobar o gasto por importe de 39.699,23 euros (32.809,28 € máis 6.889,95 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa



Concello de Vigo

municipal para escolares "Visita o teu Concello" por procedemento aberto, con cargo á aplicación presupostaria 3230.227.9909 "Programa Educativos", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2022 (de setembro a decembro): 7.939,85 euros;
- Anualidade 2023 (de xaneiro a decembro): 19.849,61 euros
- Anualidade 2024 (de xaneiro a xuño): 11.909,76 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 65.618,56 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332), na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.	94,75

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), o día 20 de xullo de 2022, que presenta a documentación requirida o día 1 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 19 de xullo polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

- a) *O prezo máximo do contrato é de 39.699,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.889,95 euros, sendo o prezo unitario de visita didáctica ao Concello de 395,00 euros.*
- b) *Comprométese a desenvolver 10 visitas didácticas guiadas en lingua inglesa, a maiores das 50 visitas didácticas ordinarias de conformidade co contemplado no punto 5.1.2 e 5.3 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(687).- BASES E A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL 2022. EXPTE. 21700/333.

Visto o informe xurídico de data 04/08/2022 e o informe de fiscalización do 09/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.

- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendimento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2022 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no apoio ós programas de adestramento e competición dos e das deportistas do máis alto nivel da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes. Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de



Concello de Vigo

aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar ós/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria para a concesión de axudas destinadas a apoiar ós/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na *Resolución de 15 de xuño de 2020 (BOE 24/06/2020) da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas.*

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

"BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de axudar a sufragar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2022 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- c) Entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables. No caso contrario o/a solicitante deberá achegar dita documentación.
- d) Requisitos específicos:
 1. Estar empadroadado na cidade de Vigo, con vixencia mínima dende 01/01/2021, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 2. Ter competido participando de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 3. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 4. Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2021 ou 2022 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.
 - Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional ou internacional da modalidade en calquera momento do ano 2021 ou 2022, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación española da



Concello de Vigo

modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.

- No caso de participar como “Guía” dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola autoridade federativa competente.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- c) Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
- d) Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- e) Participar nas actividades e eventos de difusión e promoción que o Concello de Vigo puidera programar durante o ano seguinte á notificación da resolución.
- f) Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración como tal, deberán ter a designación oficial e ser competicións únicas, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo

- e Outras competicións internacionais: 25 participantes na proba e 6 países en categoría masculina, e 12 participantes e 6 países en categoría feminina.
 - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina.
 - Non se esixirá participación mínima en competicións de deporte adaptado, aínda que de non alcanzala, a puntuación obtida na competición da que se trate multiplicarase por 0,75.
- A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial.
- No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
- No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
- Datás de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 1 de setembro de 2021 e o 30 de agosto de 2022.

- Puntuacións:

	Outras compet. Intrais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

SÉTIMA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS.

Establécense os seguintes límites máximos dos importes das axudas:

a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:



Concello de Vigo

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

- c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:
- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
 - 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
 - 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
 - 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrència competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na cláusula 7ª e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou non para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas polo/a deportistas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: Unha vez cuberto o Formulario de solicitude aloxado na Web do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal> o/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Solicitude telemática: Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na web <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>, terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade, e presentarase no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.
- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- No caso dos menores de idade, ademais da copia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegarase o do pai ou o da nai ou o tutor/a.
- Copia da licenza Federativa da tempada subvencionada (2021/2022) ou do ano 2022.
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:



Concello de Vigo

- Recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2021 ou 2022.
- Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2021 ou 2022, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 30 deportistas.
- No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
- No caso de participar como “Guía” recoñecido pola autoridade competente dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola Federación Deportiva que corresponda.

Os/as interesados/as teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixísese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de seis meses a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.



Concello de Vigo

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS.

1.- Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección

de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o que non estea previsto na presente bases será de aplicación a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL 2022			
D/Dna		DNI:	
Enderezo		Localidade:	CP:
Tlf. 1		Tlf.2	Fax:
E-Mail a efectos de notificación			
Entidade deportiva vinculada		CIF	
Modalidade:			

E, **NO CASO DE MENORES DE IDADE**, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,

Apelidos:		Nome:		DNI:	
Enderezo:		Localidade:		CP:	
Tlf 1:		Tlf 2:		E-mail:	

SOLICITA,

unha axuda vinculada coa convocatoria de axudas para potenciar programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.

2. Anexo I.2: Certificado federativo individual de competicións.

3. Anexo I.3: Declaración responsable.

4. Copia do DNI do/da solicitante (e do representante legal no caso de menores de idade)

5. Copia da licenza deportiva.

6. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante ou o/a representante legal no caso de menores..

7. Acreditación documental do cumprimento dos requisitos específicos establecidos no apartado d.4 da base 4ª.

*Campo obrigatorio

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Vigo, de de 2022

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL**A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folia 1 de 2)**

D/Dna.		DNI	
Secretario/a da Federación			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF CLUB	

Participou, entre o 01/09/2021 e o 30/08/2022, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional ou internacional (De existir):

Mellor posto no Ranking nacional ou internacional no ano 2021 ou 2022	
Nº deportistas que integran o Ranking no ano 2021 ou 2022	

2. Datos competicións: Obrigatorio cumprimentar todos os apartados.

Nome oficial da competición 1:			
Data de inicio da competición:			
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos		
	Fase final Campionato do Mundo		
	Fase final Campionato de Europa		
	Copa do Mundo		
	Copa de Europa		
	Fase Final Campionato de España		
	Circuíto Internacional oficial		
Categoría de participación	Absoluta		
	Outras categorías		
Posto acadado			
Nº participantes na proba			
Forma de participación	Individual		
	Parella		
	Trío		
Nº Países participantes na proba			

Vigo a de de 2022

Sinatura do/a secretario/a da Federación

Conforme do/da presidente/a da Federación

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Concello de Vigo

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL (CONTINUACIÓN)

Nome oficial da competición 2:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos	
	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Nº participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº Países participantes na proba		

Nome oficial da competición 3:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Xogos Olímpicos/Paralímpicos	
	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Nº participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº Países participantes na proba		

Vigo a de de 2022

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación
--	---

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
 A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
 A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.
 O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
 Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
 As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
 O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.	DNI.
---------	------

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Enderezo:	Localidade:	CP:	
Tlf 1:	Tlf 2:		
E-mail:			

Declara,

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concederon outras axudas para esta mesma solicitude

Sí ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a axuda	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

2. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
3. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.
5. Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas e administracións competentes, incluídos os datos fiscais.
6. Estar ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores que considere necesarias.
7. Comprometerse a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo no que perciba esta subvención e a comunicar cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas e entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais a partir da data desta declaración.

Vigo, de de 2022

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Concello de Vigo

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDemento DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ANEXO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2022, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cinquenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.



Concello de Vigo

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

6(688).-PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA E APERTURA DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA. EXPTE. 23976/332.

Visto o informe xurídico do 03/08/2022 e o informe de fiscalización do 09/08/2022 dáse conta do informe-proposta de data 26/07/2022, asinado polo técnico do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de febreiro de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expediente 23976/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 08/01/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 12/02/2020 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 79.917,21 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 24 de setembro de 2020 acordou adxudicar a INTEGRAL MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por un prezo total de 70.106,93 euros mais unha bolsa de 200 horas cun prezo unitario por hora desta bolsa de 12,11 euros/hora.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: 2 anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, tres prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)*”.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de outubro de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de dous anos, contados desde o día 22 de outubro de 2020. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 21 de outubro de 2022.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 6 de xullo de 2022, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por parte da empresa actualmente adxudicataria (Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 22/10/2022 e o 21/10/2023.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 70.106,93 euros, sendo o prezo por anualidade de 35.053,47 euros. Aos anteriores importes hai que engadir unha bolsa de 200 horas para os dous anos por un importe unitario de 12,11 euros/hora, que farían un importe adicional de 1.211,00 euros por anualidade (100 horas para



Concello de Vigo

cada ano). No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 36.264,47 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (do 22/10 ao 31/12): 7.523,12 euros (7.329,36 € da parte fixa máis 193,76 € da parte variable);
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (do 01/01 ao 21/10): 28.741,35 euros (27.724,11 € da parte fixa máis 1.017,17 € da parte variable).

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala Lectura de Navia) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200007323, por importe de 7.523,12 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia (expte. 23976/332) para o período comprendido entre o 22/10/2022 e o 21/10/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 36.264,47 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia SL, CIF B-27.715.879. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9915 (Sala lectura de Navia), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 22/10/2022 a 31/12/2022): 7.523,12 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01/2023 a 21/10/2023): 28.741,35 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(689).-AMPLIACIÓN DE CRÉDITOS PARA DIETAS DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2022 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 25604/332.

Visto o informe de fiscalización do 10/08/2022, dáse conta do informe-proposta do 28707/2022, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, o concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xaneiro de 2022, acordou o seguinte:

“Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. (...)

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2022.

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do orzamento de 2022.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.”

En consonancia co anterior, realizáronse as seguintes operacións contábeis: RCFUT202100139261 por importe de 12.000,00 euros e A202200004891 por importe de 6.054,42 euros.

Tal como se indica no informe proposta do técnico do Servizo de Educación, conformado pola xefa do servizo, polo concelleiro delegado de Educación e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 14/12/2021, a efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.



Concello de Vigo

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalízanse, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2022. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2022 deben ser aplicados con cargo á partida orzamentaria 3230.233.0000 “Dietas de asistencia a Consellos Escolares” do orzamento do exercicio de 2022.

No entanto, un complicado contexto Covid con evidente repercusión e incidencia no eido educativo, ten concretado un importante incremento no número de convocatorias do principal órgano colexiado de xestión nos centros educativos públicos de educación infantil e primaria, o cal tradúcese nun aumento das xuntanzas de Consellos Escolares nos diferentes centros educativos da nosa cidade.

En consecuencia o crédito en concepto de dietas por asistencias dos representantes municipais ás sesións do Consello Escolar, inicialmente previsto no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local resulta ser insuficiente, razón pola cal se solicita o incremento do seu importe de cara a poder atender as previsións reais e concretas correspondentes ás dietas por asistencias dos representantes municipais á totalidade das xuntanzas dos Consellos Escolares que tiveron lugar entre os días 11 de xaneiro e 27 de xullo de 2022.

Para atender o anteriormente exposto, o incremento que se calcula ascende a 1.525,20 euros, e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 (Dietas de asistencias a Consellos Escolares). O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, previo informe de Intervención Xeral, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aprobar un incremento de 1.525,20 euros na previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo”, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercicio orzamentario de 2022.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(690).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS “CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 36685/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 15/07/2022) e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por Resolución da Concelleira Delegada de Organización Municipal, de data de sinatura electrónica se constituíu “Grupo de Traballo para o estudo, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal”.

II.- Logo da tramitación que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 16/07/2021 adoptou acordo polo que se aproban os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego (expte 36685/220).

III.- En data 30/12/2021 entrou en vigor a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que introduce no Estatuto Básico unha nova disposición décimo sétima que establece medidas dirixidas ao control da temporalidade no emprego público.

IV.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 19/05/2022, acordou introducir no punto II dos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de Emprego Público e convocatorias públicas de emprego o seguinte apartado: *“en ningún caso se ofrecerán novos nomeamentos interinos nin contratos laborais temporais aos integrantes das listas de reserva que finalicen un período de interinidade baixo calquera modalidade (acumulación de tarefas, substitución, programa ou vacante), si o novo período pode supoñer un encadeamento ou vulnerar o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino”*.

V.- En data 13/06/2022 se asina borrador de novos criterios de xestión de listas, sendo remitido aos sindicatos lexitimados na Mesa Xeral de Negociación, outorgando trámite de audiencia por un período de cinco días.

VI.- Na data 05/07/2022, tivo lugar reunión previa á Mesa Xeral de Negociación, rematando co compromiso de efectuar nova proposta de criterios de xestión de listas.

VII.- Consta no expediente informe emitido por GALIVALIA AVOGADOS E CONSULTORES, consultora contratada para desenvolver a OPE de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo.

VIII.- O 19/07/2022 redactouse novo borrador de criterios de xestión de listas, sendo remitido aos sindicatos lexitimados na Mesa Xeral de Negociación, outorgando prazo para alegacións por un período de tres días.

IX.- Constan alegacións presentadas por UGT (doc. nº 220183498) e CIG (doc. nº 220184524).

X.- O 29/07/2022 tivo lugar Mesa Xeral de Negociación, constando no expediente certificación segundo a cal: *“a Mesa Xeral de Negociación, na súa sesión extraordinaria do 29 de xullo do 2022, adoptou o seguinte acordo Tralo debate a por parte da Administracións estímase as seguintes alegacións presentadas por*



Concello de Vigo

Alegación presentada pola CIG en data 22.07.2022

Páxina 9, onde di: Na mesma lista de reserva, non se ofertará ao persoal funcionario interino nin ao persoal laboral temporal outro nomeamento ou contrato durante a vixencia do que veñan desenvolvendo.

Finalizado o mesmo, deben transcorrer nove meses para o seguinte, sen prexuízo do establecido para os supostos de substitución (apartado III b).

Deben incluírse a posibilidade da figura de mellora de contrato para non discriminar ás persoas que obtiveran mellor posto na lista correspondente, polo que debe pór:

Na mesma lista de reserva, non se ofertará ao persoal funcionario interino nin ao persoal laboral temporal outro nomeamento ou contrato durante a vixencia do que veñan desenvolvendo.

Finalizado o mesmo, deben transcorrer nove meses para o seguinte, sen prexuízo do establecido para os supostos de substitución (apartado III b), excepto para cubrir vacantes ou programas.”

Por parte do Concello no se estima , pola posibilidade de superar o prazo máxima de permanencia de 3 años.

Páxina 16, dado que entendemos que non debe ser posible ter información privilexiada sobre os tipos de contratos que se poidan levar a cabo a curto ou medio prazo eliminar onde di:

8.- A renuncia á acumulación de tarefas, no caso de que o integrante da lista teña previsión dun posible nomeamento de cobertura de praza vacante ou programa.

Proponse a súa estimación dando unha nova redacción incluíndo paréntese resultando o seguinte paragrafo: A renuncia á acumulación de tarefas, no caso de que o integrante da lista teña previsión dun posible nomeamento de cobertura de praza vacante ou programa (prazas incluídas en ofertas de emprego público aprobadas ou programas aprobados en XGL).

Páxina 16, onde di 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección.

Debe incluír no punto 5 a xustificación vía servizos sociais de atención primaria tal e como se recolle no art. 49.d) do TREBEP.

Proponse a súa estimación de xeito que o punto 5 queda redactado: Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección, ou informe do servizos sociais de atención primaria.

Alegación presentada por UGT en data 21.07.2022

Estímase:se elimina "ou en período de espera". redactado: Cando unha persoa estea traballando en virtude de nomeamentos ou contratos de categorías inferiores, se ofrecerán os chamamentos para cobertura de vacantes e programas correspondentes a categorías superiores.

Acto seguido sométese a votación a proposta coas modificacións resultante das estimación das alegacións co seguinte resultado:.UXT e SICO a favor da proposta, CCOO en contra e CIG abstención."

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución Española. (CE)

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (TREBEP)

III.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG)

IV.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. (LPAC)

V.- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. (LTEP)

VI.- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. (TRET)

VII.- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, la garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

VIII.- Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Acceso ao emprego público

O acceso ao emprego público no Concello de Vigo, tal e como exixen os artigos 9.3, 14 e 103 da Constitución de 1978 en relación co establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do Empregado Público, se realiza a través da pública convocatoria de procesos selectivos con respecto aos cales o artigo 55 indicado anteriormente sinala que:

"1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.



Concello de Vigo

2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección."*

O mesmo texto refundido sinala que a incorporación de efectivos nas Administracións Públicas se realiza a través das ofertas de emprego público, de maneira que:

"1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos."

Debe considerarse, complementariamente, o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nos aspectos en que incida ou abunde ao contemplado na lexislación estatal básica.

II.- Supostos nomeamento interino.-

O artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP), establece os supostos que xustifican o nomeamento de funcionarios interinos:

"1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4.*
- b) La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario*

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.

d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses.”

Así mismo, o artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), regula a figura do persoal funcionario interino en termos semellantes. Non obstante, cabe destacar a limitación adicional que impón o artigo 23.2.d) do referido texto legal, para os nomeamentos de persoal funcionario interino por acumulación de tarefas: “Os nomeamentos de persoal funcionario interino pola circunstancia prevista nesta letra non poden superar en ningún caso o vinte por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o tres por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.”

A regulación prevista no artigo 10 do TREBEP e no artigo 23 da LEPG debe ser completada co previsto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

III.- Preferencia réxime xurídico funcional

O artigo 92.2 e 3 LRBRL, señalan expresamente: “2. *Con carácter general, los puestos de trabajo en la Administración local y sus Organismos Autónomos serán desempeñados por personal funcionario.*”

3. *Corresponde exclusivamente a los funcionarios de carrera al servicio de la Administración local el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales. Igualmente son funciones públicas, cuyo cumplimiento queda reservado a funcionarios de carrera, las que impliquen ejercicio de autoridad, y en general, aquellas que en desarrollo de la presente Ley, se reserven a los funcionarios para la mejor garantía de la objetividad, imparcialidad e independencia en el ejercicio de la función”.*

Se contempla unha opción expresa por un determinado modelo de emprego público, que é a dun réxime xurídico funcional, a este respecto resulta especialmente determinante o uso do término «con carácter general» o que leva a que a sensu contrario os postos de traballo reservados a persoal con relación xurídico laboral deberán ser sempre con carácter excepcional.

Pola súa banda o artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, logo de establecer as funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario, no seu apartado 3 determina que “*Los demás puestos de trabajo en las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley serán desempeñados con carácter general por personal funcionario, sin perjuicio de lo dispuesto por el apartado tercero del artículo 26*”. Estableciendo no apartado 3 do artigo 26, con carácter potestativo os postos que poden ser desenvolvidos por persoal laboral.

En base ao establecido neste artigo, salvo supostos excepcionais e motivados, no que se constate como única alternativa posible a contratación de persoal en réxime laboral, todos os nomeamentos do persoal no permanente se realizarán en réxime de dereito administrativo como persoal funcionario interino.

IV.- Redución da temporalidade



Concello de Vigo

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), pretende reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e establecendo a obriga de velar por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal e dos nomeamentos de persoal funcionario interino.

A devandita lei contempla expresamente unha serie de medidas para o control da temporalidade no emprego público introducindo a Disposición Adicional 17ª no TREBEP, implantando un réxime de responsabilidades disuasorios de futuros incumprimentos establecendo que *“as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento de esta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal.”*

Así a LTEP pretende actuar en dous direccións: a adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente no sector público e a articulación de disposicións eficaces para prever e sancionar o fraude na utilización da provisionalidade. A redución das relacións de emprego temporal, se pretende obter en base aos procesos de estabilización de emprego temporal contemplados na referida norma, considerándose esta unha medida válida para paliar a situación existente. Ademais trata de prever e sancionar o fraude para evitar a perpetuación dos posibles abusos na utilización de sucesivas relacións temporais, ou dunha relación temporal de longa duración que se poda considerar irregular.

A forma de organizar ou estruturar os procesos de estabilización da LETP, entendemos non pode ser independente da consideración que fai a mesma no relativa ao carácter fraudulento da relación de emprego público e da pretensión do acceso á estabilidade no emprego dos traballadores que padeceran “un abuso” na contratación ou nomeamento. Así o artigo 2.1, cando se refire á autorización dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal, inclúe as prazas de natureza estrutural, nunhas determinadas condicións, sempre que estiveran ocupadas temporal e interinamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31/12/2020, o cal parece indicar un prazo máximo -3 anos-, de permanencia máxima do persoal interino ou temporal.

Por outra banda, convén salientar que aínda que a lei se refire á estabilización de prazas, dado que non debería poder formularse a estabilización de persoas ao implicar por en marcha un proceso restrinxido vetado pola xurisprudencia constitucional, o certo é que na práctica as prazas están ocupadas ou desempeñadas por persoas que viñan ocupando temporalmente esas prazas.

Nestas circunstancias, a través da presente modificación de criterios de xestión de listas de reserva, se pretende establecer unha serie de medidas para a redución da temporalidade intentando cumprir as obrigas derivadas da normativa de redución da temporalidade, compatibilizando coa necesidade de satisfacer as necesidades inaprazables e urxentes derivadas das prestación dos servizos públicos.

Así se establece nos novos criterios un período de permanencia máximo de 3 anos do persoal interino (salvo as excepcións contempladas legalmente), e se establece un período de espera mínimo de nove meses ao finalizar o nomeamento ou contrato. Se establece un período de nove meses ante o vacío normativo para supostos diferentes á acumulación de

tarefas, ao considerar que é período suficiente para considerar interrompido o tempo de prestación de servizos.

Por outra parte, incluír unha declaración responsable das xefaturas das áreas/servizos, que deberá acompañar ás solicitudes de persoal temporal, coa finalidade de evitar as solicitudes para atender necesidades que carecen de urxencia ou necesidade ou que non se adaptan a todas e cada unhas das circunstancias, previsións e requisitos establecidos na normativa existente en materia de emprego público temporal, provocando en consecuencia un crecemento innecesario da temporalidade no emprego público.

V.- Por último, en outro orde de cousas, convén lembrar que as persoas integrantes nunha lista de reserva, ostentan unicamente “unha expectativa de dereito” a unha contratación ou nomeamento futuro. Esta cuestión foi xa resolta por medio de dous sentenzas en sendos recursos de casación para unificación de doutrina, sinalando que a inclusión nunha bolsa ou lista de espera da lugar a favor da persoa inscrita unicamente a unha expectativa de dereito, en concreto a STS 12/12/1997 e 19/01/1999 nas que se afirma: “no cuestionan las bases de selección, ni la actuación del Tribunal calificador, ni se combate una fase o incidencia del proceso selectivo, limitándose, tan solo, a pedir que se respete el orden de prelación establecido ... discutiéndose, sobre “una expectativa de derecho a ser contratado laboralmente una persona *por considerar preferente a otra dado el orden fijando en unas listas de espera confeccionadas por la propia Administración recurrente*”, “*en este tipo de casos no se cuestionan jurisdiccionalmente verdaderos derechos adquiridos a los puestos de trabajo en cuestión, sino solamente meras “expectativas de derechos” a los mismos. Y siendo esto así, frente a lo en ellas sostenido, la incompetencia de la Jurisdicción es clara, puesto que dichas meras “expectativas” ni siquiera pueden fundar la existencia de un precontrato que de existir, si quedaría comprendido en el ámbito del Orden Social de la Jurisdicción; todo ello con independencia de que las “listas” controvertidas hayan sido elaboradas por la Administración Pública, bien en virtud de reglas o bases contenidas en normas reglamentarias, bien como consecuencia de acuerdos con las Organizaciones sindicales.*”

V.- Consta anexado ao expediente informe da GALIVALIA AVOGADOS E CONSULTORES consultora contratada para desenvolver a oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, no que, entre outras circunstancias se informa expresamente que:

- Así, o lexislador non ven a prever esta prohibición en termos absolutos e incondicionais, senón que, pola contra, ven a contemplar a posibilidade excepcional do recurso á contratación e/ou nomeamento de persoal temporal, coa finalidade de dar resposta ás necesidades urxentes e ineludibles que nos servizos públicos poidan xurdir.

Aos efectos da excepcionalidade sinalada, cómpre sinalar que a concorrencia de necesidades urxentes e inaprazables, que xustifiquen a contratación/nomeamento de persoal temporal, debe entenderse cumprida cando dito persoal resulte imprescindible para a adecuada e inmediata prestación do servizo e/ou sector de actividade municipal implicados. Neste senso se entendería, en todo caso, e entre outras posibles xustificacións, a concorrencia dunha situación de risco para a adecuada prestación do servizo e/ou sector de actividade municipal implicados -e



Concello de Vigo

polo tanto dunha urxente e inaprazable necesidade-, cando de non producirse a incorporación do persoal temporal requirido, non se poidan cubrir, de xeito satisfactorio, as demandas e/ou necesidades dos cidadáns e/ou usuarios dos mesmos. Non obstante, a concorrencia destas circunstancias deberá ser obxecto dunha adecuada acreditación e xustificación.

- Vista a proposta de criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo, estímase que a mesma respecta a normativa e limitacións actualmente vixentes en materia de nomeamentos interinos e contratación de persoal temporal, destacando en relación ao período de espera mínimo de nove meses ao finalizar o nomeamento ou contrato que se considera adecuado e suficiente para considerar interrompido o tempo de prestación de servizos ou a cadea contractual do persoal interino ou temporal.

Realizando as seguintes recomendacións ou observacións:

- Nos expedientes concretos de contratación/nomeamento deberase poñer un especial coidado na xustificación e acreditación da concorrencia das necesidades urxentes e inaprazables específicas que posibiliten a referida contratación/nomeamento do persoal temporal ou interino.
- Respecto do persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, débese ter en conta os porcentaxes previstos para este tipo de nomeamentos excepcionais e circunstanciais, de conformidade co establecido no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

VI.- En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (Decretos de Alcaldía de 16/04/2021 e Acordo de XGL de 22/04/2021); así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo” e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra na páxina web municipal www.vigo.org, na Intranet Municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas do Contencioso e de Recursos e Asesoramento); Xefatura do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de Transparencia e na Intranet Municipal.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto o acordo adoptado na sesión ordinaria de XGL do 16 de xullo de 2021, polo que se aproban os criterios vixentes de xestión de listas de reserva, así como as modificacións puntuais dos mesmos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

“CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO

I.- OBXECTO DAS LISTAS DE RESERVA E PRINCIPIOS

Constitúe obxecto dos presentes criterios a xestión, supostos, incidencias e réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo.

As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.



Concello de Vigo

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.

O Concello de Vigo, a través dos órganos competentes e da área de RRHH e Formación, velará por evitar calquera tipo de irregularidade no nomeamento ou contratación, xestión e cese ou extinción da relación laboral que afecte á persoal non permanente municipal.

Con especial intensidade coidará que, en ningún caso, podan producirse situacións de encadeamento de nomeamentos ou contratacións temporais, posteriores aos dos tres anos de duración (salvo as excepcións establecidas legalmente), que recaian na mesma persoa aspirante integrada na Bolsa de emprego municipal, calquera que sexa a relación xurídica.

O cómputo do prazo indicado se verá interrompido, cando entre os nomeamentos existan períodos de inexistencia de relación laboral dun mínimo de nove meses.

II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA

As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino, e que se concretan en:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais, maternidade ou paternidade, delegados sindicais a tempo total.
- c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo establecido legalmente. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se

realicen no mesmo tipo de praza ou categoría profesional, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.

As ofertas realizadas terán o carácter de propostas, non xerando dereitos de ningunha índole e podendo quedar sen efecto, en caso de que non se fiscalicen favorablemente ou desaparezan as razóns de necesidade que as motiven, o calquera outra circunstancia que deberá motivarse.

Na mesma lista de reserva, non se ofertará ao persoal funcionario interino nin ao persoal laboral temporal outro nomeamento ou contrato durante a vixencia do que veñan desenvolvendo. Finalizado o mesmo, deben transcorrer nove meses para o seguinte, sen prexuízo do establecido para os supostos de substitución (apartado III b).

Cando unha persoa estea traballando en virtude de nomeamentos ou contratos de categorías inferiores, se ofrecerán os chamamentos para cobertura de vacantes e programas correspondentes a categorías superiores.

Para a cobertura das vacantes ou realización de programas, e aos efectos de poder planificar os nomeamentos, as Áreas/Servizos deberán presentar as solicitudes coa debida antelación, dentro del 2ª trimestre do ano (abril-xuño) antes do inicio dos traballos para a elaboración do Capítulo I do Orzamento. En todo caso, constitúe responsabilidade directa das xefaturas da área e servizo a racional e eficiente xestión dos efectivos ao seu cargo, tendo a obriga de evitar calquera situación de potencial encadeamento de nomeamentos ou contratos no ámbito ao seu cargo.

Unha vez ofrecido un nomeamento a un aspirante, e recibida a aceptación asinada polo mesmo, a persoa deberá ser nomeada no prazo máximo de dous meses. No caso de circunstancias sobrevenidas derivadas do servizo ao interese xeral, que impidan o nomeamento no prazo establecido, as cales deberán constar por escrito e ser incorporadas ao expediente; o aceptante poderá renunciar ao mesmo sen ser penalizado, e a Administración asume o compromiso de ofrecerlle o seguinte nomeamento, con carácter prioritario sobre os demais integrantes das lista.

As listas de reserva poderán ser utilizadas para o nomeamento de persoal laboral temporal, nos supostos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo servizo correspondente, resulte necesario recorrer á dita lista, seguindo idéntica tramitación que no caso da selección de persoal funcionario.

Salvo supostos excepcionais e motivados, no que se constate como única alternativa posible a contratación de persoal en réxime laboral, todos os nomeamentos do persoal no permanente se realizarán en réxime de dereito administrativo como persoal funcionario interino.



Concello de Vigo

En canto aos funcionarios de carreira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición do funcionario de carreira, sen que proceda o substitución do funcionario de carreira.

III.- MODALIDADES DE FUNCIONARIOS INTERINOS

A) PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO EN PRAZA VACANTE

Como consecuencia da existencia de praza vacante de posible cobertura asignada a un posto de traballo previsto na RPT, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un prazo máximo de tres anos.

Transcorrido o prazo de tres anos dende o nomeamento do persoal funcionario interino se producirá o fin da relación de interinidade, e a praza vacante solo poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira. Excepcionalmente, o persoal funcionario interino nomeado poderá permanecer mais aló dos tres anos na praza que ocupe temporalmente, sempre que se teña publicada a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar dende a fecha do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta de conformidade cos prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP.

O persoal funcionario interino en praza vacante que, transcorrido o prazo máximo de tres anos, finalizara súa relación de interinidade, quedará en situación de "período de espera" na lista de reserva correspondente á mesma praza ou categoría profesional, ata transcorrer un prazo mínimo de 9 meses, a contar dende a fecha do cese.

B) FUNCIONARIO INTERINO POR SUBSTITUCIÓN

Procederá o nomeamento de interinidade por substitución para o desenvolvemento dun posto de traballo que seu titular, funcionario de carreira con dereito a reserva do posto de traballo, non poda desempeñar, por os motivos seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, lactancia e embarazo de risco.
- b) Incapacidade temporal de longa duración (tempo estimado 3 meses)
- c) Incapacidade permanente absoluta.
- d) Excedencia para atender ao coidado de fillos ou dun familiar a seu cargo, por razón de violencia de xénero ou por razón de violencia terrorista.
- e) Aquelas situacións administrativas en que proceda legalmente.
- d) Delegados sindicais a tempo total.

En ningún caso a duración superará os tres anos de duración, nin se producirá un encadeamento ou concatenación de dous ou mais nomeamentos ou contratos en calquera modalidade, cuxo cómputo total poda superar os sinalados tres anos.

Transcorrido ese período, se producirá o cese quedando o persoal temporal no estado ou situación de “período de espera” na lista de reserva da categoría correspondente durante nove meses.

Nos períodos de substitucións inferiores a nove meses o período de espera será proporcional ao tempo de traballo.

C) PERSOAL FUNCIONARIO POR PROGRAMA

Para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses mais pola leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público

As **características** dun programa de carácter temporal, deberán ser:

- a) A actividade e as accións previstas no programa temporal deberán ter unha natureza conxuntural, inhabitual e non ordinaria. A modo orientador deberán ter as seguintes notas:
- b) Que se incardinan nas competencias que correspondan á área que formula o programa
- c) Que supoñan o desenvolvemento de novas actividades.
- d) Deberá ter un carácter non estrutural e temporal, e en ningún caso poderá prorrogarse.

En canto ao **procedemento**, deberá axustarse aos seguintes trámites:

a) A iniciativa e elaboración do programa temporal corresponderá á área ou servizo promovedor, sin prexuízo do asesoramento que se realice pola Área de Recursos Humanos.

b) O área ou servizo que promova a implantación dun programa temporal, deberá iniciar de oficio a tramitación do oportuno procedemento administrativo a través da apertura del correspondente expediente administrativo e deberá incorporar:

1. Unha memoria explicativa do programa temporal proposto, que deberá conter:

- A denominación del programa temporal.
- A concreción do obxecto e a oportuna manifestación e xustificación del carácter conxuntural e non permanente das accións e actividades a desenrolar.
- Os obxectivos e finalidades pretendidos.
- A duración temporal que se prevé, ata un máximo de tres anos.
- A enumeración e cuantificación do persoal non estrutural necesario para a execución do programa (perfiles profesionais e categorías profesionais) con delimitación das funcións que deban desenrolar.
- A memoria deberá ser asinada pola xefatura do servizo ou área promovedor coa conformidade da concellería respectiva
- Un informe xurídico de RRHH sobre a legalidade do programa temporal proposto.

Aprobado o programa polo órgano competente tras a remisión polo Servizo ou Área proponente, será remitido a Área de RRHH e Formación para previa orde de incoación da concellería competente en materia de persoal, inicie os oportunos procedementos de selección, xestión e nomeamento do persoal temporal demandado para a xestión del



Concello de Vigo

programa temporal.

A execución do programa depende da existencia da oportuna cobertura orzamentaria e informe favorable da Intervención General.

O persoal funcionario nomeado para o desenvolvemento do programa unha vez transcorrido o prazo máximo de duración do mesmo, non poderá ser de novo nomeado para calquera outra relación de interinidade no mesmo tipo de praza ou categoría profesional ata o transcurso do prazo mínimo de nove meses a contar dende a fecha de cese do nomeamento, quedando durante o citado prazo en estado de “período de espera”.

D) PERSOAL FUNCIONARIO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

Para cubrir a demanda de reforzo derivada do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoto meses, a computar a partir da data do nomeamento.

Para poder realizar o nomeamento, será necesario que se acredite suficientemente con claridade e precisión a causa que xustifica o mesmo, sendo requisitos exixibles:

a) Que se alegue e fundamente o incremento da actividade que desenvolva a Área/servizo demandante, así como que se precise o feito e causa que motiva a solicitude.

b) Que o aumento da actividade derive dun exceso ou acumulación puntual de demanda dos servizos e tarefas que se prestan de forma habitual pola Área ou Servizo demandante, para o cal deberá cuantificarse o exceso que se alega en relación aos servizos ou tarefas de referencia.

c) A alusión á insuficiencia de persoal (absentismo, vacacións, permisos etc.) como causa complementaria para xustificar este tipo de nomeamento precisará que, tal circunstancia non responda a déficits estruturais e, polo tanto, que a mesma lo sexa de forma puntual e extraordinaria.

Non se autorizarán acumulacións de tarefas mentres existan prazas vacantes na mesma área ou servizo en disposición de ser cubertas interinamente.

Unha vez finalizado o nomeamento por acumulación de tarefas, non se poderá decretar un novo nomeamento á mesma persoa aspirante, na mesma praza/categoría, ata que transcorra o prazo de dezaoto meses, a contar dende a fecha do primeiro nomeamento.

En ningún caso se producirá un encadeamento ou concatenación de dous, ou mais nomeamentos cuxo cómputo total poda superar os sinalados tres anos, transcorridos os cales, o persoal funcionario interino quedará no estado ou situación de “período de espera” na lista de reserva correspondente, durante nove meses, a contar dende a fecha do último cese.

Os nomeamentos de persoal funcionario interino por esta causa non poden superar en ningún caso o tres por cento do persoal funcionario do Concello de Vigo.

IV.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA

As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na normativa vixente en materia de transparencia, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.

Procedemento:

O nomeamento do persoal interino será acordado polo órgano municipal competente en materia de persoal consonte ao previsto na lexislación básica sobre réxime local e réxime de delegacións existentes no Concello de Vigo; previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior; a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.

A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada competente en materia de persoal. As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e normativa de concordante aplicación (Leis 39/2015 e 40/2015 de 1 de outubro).

A xestión das listas corresponderá á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, estando á disposición dos interesados na web municipal www.vigo.org en cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.

Os chamamentos se realizarán mediante os procedementos que se establecen a continuación.

a) Procedemento xeral: Se realizarán tres intentos de comunicación ou aviso vía telefónica, correo electrónico e/ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa, no prazo de dous días hábiles, cunha diferenza de ao menos 1 hora entre cada intento, dando un prazo dun día hábil dende a remisión da documentación para que mostren ou non a súa conformidade e aporten a documentación.

b) Para procedementos de cobertura de extrema urxencia: Se realizarán dous intentos de comunicación no mesmo día, cunha diferenza de ao menos unha hora entre cada intento. Nestos casos a oferta deberá ser aceptada ou rechazada no mesmo momento, debendo aportar a documentación requirida nun prazo de 12 horas.

A estes efectos enténdese por supostos de extraordinaria urxencia, os derivados de situacións de saúde pública, crises sanitarias ou acontecementos catastróficos, así como en situacións debidamente xustificadas de necesidade inaprazable por razóns de interese público.



Concello de Vigo

A existencia de extraordinaria urxencia deberá ser xustificado debidamente polo Servizo solicitante e acordado expresamente na orde de incoación de expediente da concellería delegada competente en materia de persoal.

Con carácter xeral para ambos procedementos:

. Tanto a aceptación como a renuncia dos nomeamentos deberán manifestarse por escrito. Se entenderá rexeitado tácitamente o ofrecemento no caso de que non se responda a chamada, correo electrónico ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa; ou non se teña recibida a aceptación nos prazos establecidos.

En caso de renuncia ao nomeamento, procederase ao chamamento ao aspirante seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.

. Nos casos de renuncia tácita, todos os intentos deberán quedar recollidos no expediente pola persoa encargada de efectualos os chamamentos. A persoa encargada de efectuar o chamamento, rexistrará mediante dilixencia asinada electrónicamente, os datos das chamadas efectuadas, número de intentos de chamada á mesma persoa, día e hora de chamada.

. É obriga dos interesados a actualización dos datos persoais. Os aspirantes deberán autorizar expresamente o tratamento dos datos persoais conforme ao previsto na LO vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mostrando a súa conformidade no escrito de aceptación.

. A aceptación e documentación requirida se presentará por calquera dos medios legalmente establecidos (preferentemente polo rexistro electrónico), xunto con declaración xurada conforme se reúnen os requisitos para o nomeamento ofrecido así como a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo nos termos da normativa vixente.

. Non poderá ser esixida a documentación que obre en poder da Administración.

En todos os casos, cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento segundo se establece na normativa vixente; éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

V.- RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:

a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.

- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;
- 2.- Incapacidade temporal (IT);
- 3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado
- 4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.
- 5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.
- 6.- Violencia de xénero.
- 7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.
- 8.- A renuncia á acumulación de tarefas, no caso de que o integrante da lista teña previsión dun posible nomeamento de cobertura de praza vacante ou programa (prazas incluídas en ofertas de emprego público aprobadas ou programas aprobados en XGL).

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:

- 1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista;
- 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;



Concello de Vigo

- 3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;
- 4.- Certificado de nacemento de fillo;
- 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, orde de protección, ou informe do servizo social de atención primaria.
- 6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.

Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.

As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante ou para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas.

VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

VII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Existirá unha Comisión de Seguimento da utilización das listas de carácter técnico-sindical, encargada das incidencias referidas ás listas de reserva, e que deberá velar polo efectivo cumprimento dos presentes criterios, estando facultada para solventar as incidencias

prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación.

A mesma estará integrada polos membros do grupo de traballo creado para o estudo, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal:

- 2 técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación.
- 1 técnico designado pola Intervención Xeral.
- 2 representantes do Comité de Persoal (comunicación electrónica de data 19/05/2021).
- 1 administrativo/a da Área de RRHH e Formación.

VIII.- OUTRAS INCIDENCIAS

Os presentes criterios se aplicarán aos nomeamentos interinos ou contratacións temporais, que se inicien con posterioridade a súa aprobación.

Nos supostos nos que en execución de sentenza deba modificarse o presente réxime de xestión das listas, a orde de prelación dos reservistas ou calquera outro aspecto, as medidas que correspondan serán adoptadas polo órgano municipal competente en virtude dos decretos e acordos de delegación competencial vixentes en cada momento, debendo comunicar tal incidencia á Comisión de Seguimento das listas.

Ás relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o Concello de Vigo seralles aplicables, o Dereito Administrativo, sendo impugnables os actos e acordos ditados no ámbito material indicado perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, e normativa de concordante e procedente aplicación. Elo sen prexuízo da competencia da xurisdición social para as impugnacións de contratacións laborais temporais.

IX.- DECLARACIÓN RESPONSABLE NA SOLICITUDE DE PERSOAL INTERINO

En garantía do debido cumprimento do marco normativo de aplicación ao persoal interino e temporal, toda solicitude de efectivos que se formule deberá acompañar inexcusablemente unha **declaración responsable**, asinada pola xefatura de área ou servizo solicitante, e conformada pola Concellería-delegada da Área de goberno correspondente, conforme ao



Concello de Vigo

ANEXO I que forma parte inseparable do presente acordo. A ausencia de incorporación da mesma no documento electrónico de solicitude conlevará a súa devolución automática.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE NO NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO

D/D^a....., na condición de xefatura da Área/Servizo de....., e con relación á solicitude formulada en documento electrónico n.º....., **DECLARA** responsablemente o seguinte:

- 1.- Que coñece o previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, e singularmente a interdicción legal de xenerar potenciais situacións de risco no nomeamento de persoal interino e temporal.
- 2.- Que coñece as obrigas que as vixentes Guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, lle atribúen respecto da xestión do persoal ao seu cargo e que en ningún caso atribuirá ao persoal interino e temporal ao seu cargo tarefas ou funcións que podan ser consideradas idénticas ou similares a outras correspondentes a distintos postos de traballo.
- 3.-Que coñece os criterios de xestión de listas de reserva de persoal interino e temporal do Concello de Vigo.
- 4.- Que con anterioridade a efectuar a solicitude de persoal que co presente documento se acompaña ten realizado unha previa análise de necesidades, tendente á redistribución interna de cargas de traballo e a un mellor dimensionamento de efectivos, na búsqueda da máxima eficiencia na xestión interna ao seu cargo.
- 5.- Que en modo algún a solicitude que se formula ten por obxecto suplir deficiencias de estrutura (no caso do persoal interino por acumulación de tarefas, do persoal interino por substitución e do persoal interino por programas de carácter temporal) nin xenerar situacións de interinidade de longa duración (no caso do persoal interino con cargo a praza vacante)

E para que así conste, e surta os efectos previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, asíñase o presente, en Vigo, na data de sinatura dixital á marxe.

A xefatura da Área/Servizo de.....

Sinatura en coñecemento da solicitude formulada, A Concellería- delegada da Área de.....

9(691).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2022. EXPTE. 4550/330.

Visto o informe xurídico do 28/07/2022 e o informe de fiscalización do 08/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/07/2022, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado Cultura, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decreto de delegación de competencias do de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 delegan no concelleiro da Área de Cultura a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.



Concello de Vigo

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este segundo semestre do ano 2022, abrangue 19 espectáculos que supoñen un custe total de 72.019,15 euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 30.419,24 euros impostos incluídos e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante, 41.599,91 euros. Estes contratos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do segundo semestre do 2022. Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados o pagos á compañía que se contrata que aparece neste convenio, xustificando a Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (30.419,24 euros €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906, "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2023 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita representación escénica a través da achega de AGADIC de 30.419,24 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio non ten por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de contratos do sector público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o segundo semestre do ano 2022 para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación das artes escénicas do segundo semestre do ano 2022 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2022

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez, representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.



Concello de Vigo

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".
3. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".
4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.
6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.
7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".
8. CONCELLO DE VIGO , e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2022.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2022 no Auditorio Municipal de Vigo, integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas da entidade

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021-22 e Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.
- g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos



Concello de Vigo

nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas da Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **72,019.15 euros** importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de 30,419.24 euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2022.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 41,599.91 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PI	Troula Animación	O estraño caso do dentista da rúa Brasov (teatro de rúa - pasarrúas)	23-09-2022	Rúa do Príncipe	348.69 €	1,103.31 €
PI	Troula Animación	O estraño caso do dentista da rúa Brasov (teatro de rúa - pasarrúas)	24-09-2022	Rúa do Príncipe	0.00 €	1,234.20 € + 15 % bill.
PI	MAGO TETO	ULTREIA "AO FINAL DO CAMIÑO ESTAS TI"	02-10-2022	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	4,850.00 €
PA	Mevadeus	Outroa Nós	07-10-2022	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,496.00 €
PI	Galitoo	Golulá	09-10-2022	Auditorio Municipal de Vigo	1,560.00 €	2,340.00 €
PI	NegroLópez	Backstage	16-10-2022	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,000.00 €
PA	FUNBOA ESCÉNICA	Technocracia	21-10-2022	Praza do Rei (diante do Auditorio Municipal)	0.00 €	3,600.00 €
PI	Musicalmente	Concertos para Bebés	23-10-2022	Escenario do Auditorio Municipal de Vigo	3,704.80 €	5,557.20 €
PI	Os Náufragos	HUGO	30-10-2022	Auditorio Municipal de Vigo	922.00 €	1,383.00 €
PA	De Ste Xeito Producións	A Resurrección de Nuno	04-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	2,450.00 €	2,450.00 €
PA	De Ste Xeito Producións	A Resurrección de Nuno	05-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	3,675.00 €	490.00 € + 15 % bill.
PA	Ainé Producións	Continente María. Un espectáculo sobre María Casares	11-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	1,452.00 €	1,452.00 €
PA	Ainé Producións	Continente María. Un espectáculo sobre María Casares	12-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	2,178.00 €	290.40 € + 15 % bill.
PA	Talía Teatro	MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA	18-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	2,445.00 €	2,445.00 €
PA	Talía Teatro	MORTE ACCIDENTAL DUN ANARQUISTA	19-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	3,667.50 €	489.00 € + 15 % bill.
PI	DA.TE DANZA	Natanam	20-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,872.00 €



Concello de Vigo

Programación	Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
PA	CRÉMILO PROY. CULTURAIS Y DIST. ESPECTÁCULOS	GOLFA	25-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	3,206.50 €	3,206.50 €
PA	CRÉMILO PROY. CULTURAIS Y DIST. ESPECTÁCULOS	GOLFA	26-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	4,809.75 €	641.30 € + 15 % bill.
PI	Ghazafelhos	NINJA	27-11-2022	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	1,700.00 €
				Total:	30,419.24 €	41,599.91 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse con data límite do **18 de decembro de 2022** de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga pola órgano competente. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 18 de decembro de 2022.
- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio e no seu caso, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021-22 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación de gasto sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa

solicitud da entidade e efectuarase en dúas fases:

- 50% trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.

- 50% ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Galega das Industrias Culturais publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Sétima.- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021-22 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura , Educación, Formación Profesional e Universidades e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Novena.-Modificacións e resolución do convenio

1.Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.



Concello de Vigo

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.-Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo segunda .- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira - Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público

aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

10(692).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE SETEMBRO E NOVEMBRO DE 2022. EXPTE. 4513/330.

Visto o informe xurídico do 01/08/2022 e o informe de fiscalización do 09/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/07/2022, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 16 de decembro de 2022 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DE 2022, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de inquestionable interés cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 € para espectáculos con cachés inferiores a 2.499,99 €, de 10 € para os espectáculos con cachés entre 2.500,00 € e 4.999,99 €, de 12 €



Concello de Vigo

para espectáculos con cachés entre 5.000 e 9.999,99 €, e de 15 € para espectáculos con cachés superiores a 10.000 €.

No caso dos espectáculos para público familiar establécese un único prezo de 5 € por función, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao teatro ao público máis novo e facilitar así a creación de públicos, un dos eixes fundamentais da programación Vigocultura.

Estes prezos estarían ademais dentro das recomendacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios e do programa PLATEA.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos do seguinte xeito:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado establécese tamén un desconto do 30% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución de prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet e na Librería Librouro e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os prezos de venda de entradas da DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E

NOVIEMBRE DE 2022, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
30 set-1 out	Amor Produc- ciones	Freak	10 €
2 outubro	Mago Teto	Ultreia: ao final do camiño estás ti	5 €
7 outubro	Mevadeus	Outrora Nós	8 €
9 outubro	Galitoo Teatros	Golulá	5 €
14-15 out	Eme2	Magallanes y El Cano	10 €
16 outubro	NegroLópez	Backstage	5 €
21 outubro	Funboa Escé- nica	Tehnocracia	10 €
23 outubro	Paulo Lameiro	Concerto para bebés	5 €
28-29 out	Las niñas de Cádiz	El viento es salvaje	12 €
30 outubro	Os Naufragos	Hugo	5 €
4-5 nov	De Ste Xeito	A resurrección de Nuno	10 €
6 novembro	D'estro	Poi	5 €
11-12 nov	A Quinta do Cuadrante/Ainé	Continente María	10 €
13 nov	Teatro Che y Moche	Las 4 estaciones... ya no son lo que eran	5 €
18-19 nov	Talía Teatro	Morte accidental dun anarquista	10 €
20 nov	Da Te Danza	Natanam	5 €
25-26 nov	Crémilo	Golfa	12 €
27 nov	Ghazafellos	Ninja	5 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán dous tipos de abonos á carta:



Concello de Vigo

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado establécese tamén un desconto do 30% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución de prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet e na Librería Librouro e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houberse entradas disponibles).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(693).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA: BIBLIOTECA PÚBLICA “JUAN COMPAÑEL”. EXPTE. 16187/331.

Visto o informe xurídico do 08/08/2022 e o informe de fiscalización do 11/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de maio de 2022.
- Memoria económica de data 14 de xullo de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Retención de crédito de data 14 de xullo de 2022 (operación n.º 202200073550-RC e 202200073553-RCFUT)
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 15 de xullo de 2022, asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 15 de xullo de 2022, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 15 de xullo de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Informe de data 26 de xullo de 2022, da técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 26 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación de subministración de gasoleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura, concretamente na Biblioteca Pública “Juan Compañel” (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral e maila Xefa do Servizo de Contratación.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao

que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP)

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 14 de xullo de 2022.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do



Concello de Vigo

obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado abreviado, de subministración de gasoleo tipo "C" para as instalacións de calefacción nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura, concretamente na Biblioteca Pública "Juan Compañel" (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 15 de xullo de 2022, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 26 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **24.064,82 € IVE engadido** (vintecatroy mil sesenta e catroy euros con oitenta e dous céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria **3321.221.03.00 “Combustibles”** do orzamento municipal, según o seguinte:

- Anualidade 2022 (1 de outubro ao 31 de decembro): 6.016,20 €
- Anualidade 2023 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 12.032,41 €
- Anualidade 2024 (1 de xaneiro ao 30 de setembro): 6.016,21 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(694).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS: VERBUM E CASA DAS ARTES. EXPTE. 3173/341.

Visto o informe xurídico do 08/08/2022 e o informe de fiscalización do 11/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de maio de 2022.
- Memoria económica de data 14 de xullo de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Retención de crédito de data 14 de xullo de 2022 (operación n.º 202200073542-RC e 202200073543-RCFUT)
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 15 de xullo de 2022, asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 15 de xullo de 2022, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 15 de xullo de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Informe de data 27 de xullo de 2022, da técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 27 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto

consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación de subministración de gasoleo tipo "C" para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais , concretamente no Verbum (Avenida de Samil, 17) e na Casa das Artes (Rúa Policarpo Sanz, 15).

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral e maila Xefa do Servizo de Contratación.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP)

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que



Concello de Vigo

legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 14 de xullo de 2022.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, de subministración de gasoleo tipo "C" para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais, concretamente no Verbum (Avenida de Samil, 17) e na Casa das Artes (Rúa Policarpo Sanz, 15).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 15 de xullo de 2022, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 27 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **56.255,40 € IVE engadido** (cincoenta e seis mil douscentos cincoenta e cinco euros con corenta céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria **3330.221.03.00 "Combustibles"** do orzamento municipal, según o seguinte:

- Anualidade 2022 (1 de novembro ao 31 de decembro): 14.063,85 €
- Anualidade 2023 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 28.127,70 €

- Anualidade 2024 (1 de xaneiro ao 31 de outubro): 14.063,85 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(695).- INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA CONTRA AS RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA, DE 29 DE XULLO DE 2022, POLAS QUE SE INADMITEN OS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA AS LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS POR AUGAS DE GALICIA NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00 DO PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DOS ANOS 2015 E 2016. EXPTE. 685/441 E 686/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/2022, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 29 de xullo de 2022 tiveron entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo as resolucións de referencia, nas que se inadmiten os escritos presentados polo concello de Vigo, en relación coas liquidacións arriba indicadas, por considerar os ditos escritos como recursos de reposición extemporáneos.

Na notificación da dita resolución indícase que a mesma non esgota a vía administrativa e que contra ela poderase interpoñer reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda da Xunta de Galicia; reclamación económico administrativa que se considera de pertinente interposición pois dos escritos presentados polo concello de Vigo, que non se cualifican como recursos de reposición, se desprende que nos mesmos se insta a revocación das devanditas liquidacións por ter sido practicadas con infracción manifesta da Lei e con indefensión do concello de Vigo, petición á que non se da resposta.

Como queira que a execución dos actos a que se refiren as ditas resolucións, pode supoñer prexuízos de difícil reparación para o Concello de Vigo en canto a dita execución implica detraer recursos municipais destinados a sufragar finalidades públicas de necesaria satisfacción no presente exercicio orzamentario, procede solicitar a suspensión do acto impugnado, ao abeiro do disposto no artigo 233 LGT, sen obriga de constituir garantía, conforme ao establecido no artigo 173.2 TRLRHL.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1. h) e j) LRBRL a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

Primeiro.- Interpoñer reclamación económica administrativa ante a Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia contra as resolucións da Dirección de Augas de Galicia, de 29 de xullo de 2022, polas que se inadmiten os que considera recursos de reposición interpostos polo concello de Vigo contra as liquidacións practicadas por Agas de Galicia nos procedementos de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre dos anos 2015 e 2016.

Segundo.- Solicitar a suspensión do acto impugnado, ao abeiro do disposto no artigo 233 LGT, sen obriga de constituir garantía, conforme ao establecido no artigo 173.2 TRLRHL.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19157/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(696).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19157/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 17/08/2022 e informe de fiscalización do 18/08/2022, dáse conta do informe-proposta do 17/08/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de aprobación do expediente 18895-101 “Contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo” por un importe total de 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022, adoptou o acordo de declarar desertos os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 26 de xaneiro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo.

En consonancia co artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello
- b) Dirixir a política, o goberno e a administración municipal.
- c) Establecer directrices xerais de acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización das recepcións oficiais que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.



Concello de Vigo

O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter protocolario implican a necesidade de contratación de servizos de catering para recepcións en actos e eventos institucionais. A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de recepcións e eventos de carácter institucional en representación do Concello de Vigo ao longo de todo o ano.

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais realizados en representación do Concello de Vigo.

Neste contrato inclúense todos os servizos, materiais, persoal mínimo e transporte necesario para a realización das seguintes tipoloxías de eventos:

- a) Servizo de catering para almuerzo ou “coffe break”.
- b) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa.
- c) Servizo de catering para aperitivo ou coctel (con doce).
- d) Servizo de catering para vino español.
- e) Servizo de catering buffete para recepción (xantar ou cea).
- f) Bolsa “brunch” para eventos informais fora de instalacións municipais: 1.200
- g) Servizo de augas embotellada para actos, eventos e reunións de 500 ml.:

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 10 de agosto de 2022.

- Declaración de neutralidade da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022.

- Pregos de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía con data 11 de agosto de 2022.

- Memoria económica asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con datas 10 e 11 de agosto respectivamente.

- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 12 de agosto de 2022.

- Pregos de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17 de agosto de 2022.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

Normativa de aplicación.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Obxecto e natureza do contrato

O servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais organizados polo Concello de Vigo. Incluirá todos os servizos e subministro de materiais inherentes ao concepto de catering para cada unha das tipoloxías: produtos, preparación dos produtos, transporte, entrega, montaxe, desmonte e recollida, todos os materiais de manaxe e vaixela necesarios, incluídos aparatos para manter a comida quente, ademais do mobiliario necesario (mesas de apoio, mesas redondas, cadeiras), roupa de mesa, servizo de camareiros/as uniformados, e calquera outro material necesario.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

Lotes

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes SETE:

- 1) Servizo de catering para almorzo ou “coffe break” (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento). **LOTE 1**
- 2) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa. **LOTE 2**



Concello de Vigo

- 3) Servizo de catering para aperitivo ou coctel (con doce). **LOTE 3**
- 4) Servizo de catering para vino español. **LOTE 4**
- 5) Servizo de catering para xantar ou cea. **LOTE 5**
- 6) Bolsa “brunch” ou almozos empaketados para eventos informais fora de instalacións municipais. **LOTE 6**
- 7) Subministro de augas embotellada para actos, eventos e reunións de 500 ml. **LOTE 7**

Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de servizos mais subministro segundo necesidades de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 18 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sendo a porcentaxe de servizos o 97,61% do contrato e a porcentaxe de subministro 2,39% do importe do contrato.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

En canto a forma de tramitación será a URXENTE.

O expediente 18895-101 “Contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo” que tiña previsto como data de inicio de contrato o 1 de agosto de 2022 foi declarado deserto para os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 pola Xunta de Goberno Local con data 4 de agosto de 2022.

A data de inicio do contrato estaba fixada en base aos compromisos protocolarios do calendario de eventos institucionais organizados dende Alcaldía. Estes compromisos en actos e eventos institucionais permanecen vixentes, e polo tanto é necesario a tramitación urxente deste expediente coa fin de darlle a oportuna cobertura.

A presente contratación encádrase no Anexo IV da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes:

55520000-1 (servizo de subministro de comidas desde o exterior), 55400000-4 (servizos de subministro de bebidas), 15981100-9 (auga mineral sen gas)

Prazo de execuciónO prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

Prezo do contrato e xustificación

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

Orzamento base de licitación

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial.

O orzamento máximo de licitación é de **110.149,68 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de iva **10.013,61 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial. Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo nos anos 2018, 2019 e 2021 (non se tivo en conta o ano 2020, xa que a causa da crise do Covid non celebráronse eventos), o custo que este tipo de servizos ten no seu sector profesional, así como a referencia de prezos que as empresas deste ámbito están a ofrecer.

Sendo o orzamento base de licitación por LOTES os seguintes:

LOTE 1:

Prezo con iva: 10.540,64 €

Prezo sen iva: 9.582,40 €

Importe 10% iva: 958,24 €

LOTE 2:

Prezo con iva: 13.175,80 €

Prezo sen iva: 11.978,00 €

Importe 10% iva: 1.197,80€

LOTE 3:



Concello de Vigo

Prezo con ive: 13.175,80 €

Prezo sen ive: 11.978,00 €

Importe 10% ive: 1.197,80 €

LOTE 4:

Prezo con ive: 18.446,12 €

Prezo sen ive: 16.769,20 €

Importe 10% ive: 1.676,92 €

LOTE 5:

Prezo con ive: 39.527,40 €

Prezo sen ive: 35.934,00 €

Importe 10% ive: 3.593,40 €

LOTE 6:

Prezo con ive: 12.648,76 €

Prezo sen ive: 11.498,88 €

Importe 10% ive: 1.149,88 €

LOTE 7:

Prezo con ive: 2.635,16 €

Prezo sen ive: 2.395,60 €

Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado total do contrato ascende a **400.544,29 euros**. (anualidade máis tres anos de prorroga).

Sendo o valor estimado por lotes os seguintes:

LOTE 1: 38.329,60 €

LOTE 2: 47.912,00 €

LOTE 3: 47.912,00 €

LOTE 4: 67.076,80 €

LOTE 5: 143.736,00 €

LOTE 6: 45.995,52 €

LOTE 7: 9.582,40 €

Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

2.4.- Anualidades

Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte:

LOTE 1

Ano 2022: 2.635,14 €

Ano 2023: 7.905,50 €

LOTE 2

Ano 2022: 3.293,94 €

Ano 2023: 9.881,86 €

LOTE 3

Ano 2022: 3.293,94 €

Ano 2023: 9.881,86 €

LOTE 4

Ano 2022: 4.611,51 €

Ano 2023: 13.834,61 €

LOTE 5

ano 2022: 9.881,85 €

Ano 2023: 29.645,55 €

LOTE 6

Ano 2022: 3.162,18 €

Ano 2023: 9.486,58 €

LOTE 7

Ano 2022: 658,77 €

Ano 2023: 1.976,39 €

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril



Concello de Vigo

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía correspondente ou a súa bolsa de vinculación.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo. Expediente 19157-101.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 17 de agosto de 2022, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro .- Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €. Sendo a única anualidade do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023. Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte: **LOTE 1** Ano 2022: 2.635,14 € / Ano 2023: 7.905,50 €; **LOTE 2** Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 €; **LOTE 3** Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 € **LOTE 4** Ano 2022: 4.611,51 € / Ano 2023: 13.834,61 €; **LOTE 5** ano 2022: 9.881,85 € / Ano 2023: 29.645,55 €; **LOTE 6** Ano 2022: 3.162,18 € / Ano 2023: 9.486,58 €; **LOTE 7** Ano 2022: 658,77 € / Ano 2023: 1.976,39 €

Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(697).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez